



CONCELLO DE MUXIA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

ACTA Nº 2021/8

SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN

- CASA DO CONCELLO, MARTES 14 DE DECEMBRO DE 2021 -

No día de hoxe, ás 20:00 horas, baixo a presidencia do alcalde, reúnen os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia do secretario, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Extraordinaria do Pleno da Corporación.

ASISTEN:

Santiago Toba Campaña, alcalde-Presidente
Javier Romar Alvarellos
Olalla Benlloch Lema
Mónica Vilela Vilela
Manuel Caramés López
Sandra Vilela Riveiro
Sofía López Simón
Javier Lema Suárez
Carlos Fernández Concheiro

AUSENCIAS:

Tania Romero Canosa (excusa)
Irma Lucía García Barcia (excusa)

SECRETARIO/A:

Rosa Ana García Fernández

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na

ORDE DO DÍA

1.-Moción Grupo Municipal PP para a realización dunha actuación no parque infantil do CEIP “Os Muíños”.

2.-Debate sobre a situación de falta de mantemento no CEIP de “Os Muíños”.

1.-Moción Grupo Municipal PP para a realización dunha actuación no parque infantil do CEIP “Os Muíños”.

-Dna Sandra Vilela voceira do PP intervé: “Non convocamos este pleno con afán de crítica nin de conflito, traemos esta moción porque parécenos fundamental a educación que debe de ser unha prioridade, e intentaremos que hoxe saia de aquí algo constructivo. Hoxe falaremos dando voz ao Colexio de Os Muíños porque así o autorizou a dirección do centro e a Anpa, deixando claro que as ANPAS e centros educativos



CONCELLO DE MUXIA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

non teñen partido político e teñen obriga de defender os dereitos dos muxiáns. Estamos aquí porque hai unha situación de imposibilidade de falar co goberno municipal, non contestándonos aos Rogos e Preguntas que ao respecto fixemos.”

A continuación explica o contido da moción e manifesta:” O centro di que nas reunión mantidas co goberno municipal comprometeuse iste a levar aos centros os aparatos retirados do parque de O Coído que previamente serían restaurados. Falamos co Xefe Territorial de Educación que concedeu 5000€ para facer a base para o parque e esperamos un compromiso do goberno municipal `para o resto dos traballos.”

-Intervén seguidamente D Carlos Fdez Concheiro: “ Votarei a favor da moción porque é prioritario un ensino público adecuado no rura,l pero creo que este asunto podería terse presentado nun pleno ordinario, e voto de menos aquí que non se fale da situación dos outros centros do Concello e que se convoque só para o Ceip dos Muíños. Os Concellos seguen a asumir competencias en materia de educación pese a que nunha Lei estaba previsto que as CCAA as asumiran, aínda que non se establecía prazo para elo. Creo que para eso temos CCAA.

Alégrome de que a Xunta concedese ese diñeiro pero creo que era merecido e non é diñeiro do Xefe Territorial nin do Delegado Territorial, é diñeiro de toda a poboación e é lóxico que a Xunta se faga cargo dos problemas dos centros educativos pois é competencia dela.”

-A continuación é o turno de Dna Mónica Vilelea: “ Falei coa directora de Os Muíños e o que me transmite e que quere que o Alcalde cumpra co compromiso que adquiriu coas tres dirección dos centros de restaurar os aparatos do Coido . Hai deterioro respecto a como se levaba antes ese colexio e como se leva agora, piden cousas sinxelas que antes se facían e pido que se solucione , e si hai competencias que non son do concello, que este as reclame á Xunta pero mentras tanto os nenos e nenas non poden sufrir as consecuencias. Tamén é preciso que a conserxería do centro estexa durante todo o curso escolar ”

-A continuación o Sr Alcalde solicita da Secretaria información sobre as competencias do Concello respecto a colexios, manifestando ésta que non considera competencia municipal propia implantar ou manter o servico de parque infantil nun colexio, que de acordo co establecido na Lei 7/85 , modificada no ano 2013 pola Lei de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local , no seu art 7, as competencias dos EELL son propias (atribuídas sempre por Lei), delegadas doutras Aministracións ou impropias. No segundo caso sería preciso transferencia de medios económicos polo ente delegante para o seu exercicio e no caso



CONCELLO DE MUXIA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

de impropias, de acordo co establecido no art 27 da Lei 7/85, sería preciso para o seu exercicio informes da Administración competente por razón da materia no que se sinala a ausencia de duplicidades e da Administración que teña asumida a tutela financeira sobre a sustentabilidade financeira das novas competencias.

Que o art 25 da Lei 7/85 establece como propia a competencia dos entes locais para : *Participar na vixilancia do cumprimento da escolaridade obrigatoria, a conservación, mantemento e vixilancia dos edificios de titularidade local destinados a centros públicos de educación infantil, primaria ou especial.*

Que adoutar o acordo de aprobación da moción sen o procedemento indicado, mantendo o de "xeito inmediato", non sería axustado a dereito.

Intervén o Sr Alcalde: " Empezar dicindo que as Anpas ou Dirección dun centro no están politizados é sospeitoso. Non é competencia propia municipal e ademais entendo que en Muxía non hai colexios de 1ª, 2ª ou 3ª e é sospeitoso que se traia só a petición dun colexio. Se as ANPAS queren mellorar a situación non deberían de pedir fóra de tempo as subvención que o Concello convoca. Dado que non é competencia municipal colocar parques infantís no centro propoño pedir á Xunta que o faga para os tres colexios."

-Volve a intervir Dna Sandra Vilela: " Contesto ao porqué Os Muiños. Sofía ponse en contacto coa dirección dos tres CEIPS para saber a súa situación e si hai algunha problemática na que podamos axudar, e tanto dende o Ceip de Vilarmide como o de Muxía, responden que todo está ben, indicándonos dende Os Muiños os problemas que teñen.

A Lei mencionada pola Secretaria é de 2013 e hasta 2019 fíxose mantemento no centro de Os Muiños. Se como vostede di é ilegal que o Concello faga o mantemento dese colexio, ¿cómo é que o facía o goberno anterior?.

Se non é competencia municipal porqué se comprometeu vostede coas Anpas e dirección dicindo que restauraría as pezas do Coído que en realidade están tiradas nunha leira?

Vostede nunha reunión coa Anpa dixo que estaba politizada e non é así, é vostede quen o dí."



CONCELLO DE MUXIA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

-A continuación intervén D. Carlos Fdez: “ É certo que vostede dixo que os elementos do Coído ían repartirse entre os tres colexios.

A miña intervención era unha crítica á Xunta que debe asumir competencias e non o fai, pero de aquí quero saír cun acordo e debemos de aprobar a moción coa recomendación da Secretaría, debendo de facer ante a Xunta as xestións precisas para que nos dea fondos ou o faga ela, e en caso de que non o faga que o realice o Concello.”

-Volve a intervir a voceira do PP, Dna Sandra Vilela manifestando que como grupo que presenta a moción están de acordo en rectificar a súa redacción eliminando o de “xeito inmediato” e que se realicen os trámites referidos pola Secretaría.

Sometido o asunto a votación, coa abstención dos tres integrantes do grupo municipal PSOE e os votos a favor do resto dos integrantes do Pleno, acórdase aprobar a moción obxecto da orde do día da forma recollida a continuación, realizándose os trámites oportunos ante a Xunta de Galicia segundo o informado pola Secretaría.

-Que o concello de Muxía repoña o chan e os xogos infantís do parque do CEIP de Os Muíños.

2.-Debate sobre a situación de falta de mantemento no CEIP de “Os Muíños”.

-Intervén Dna Sandra Vilela: “Esto non debería de haber pasado dun rogo ou unha pregunta nun pleno ordinario pero non nos contestou.

A dirección do CEIP de Os Muíños envía e-mail a este Concello informando do incumprimento do protocolo Covid na limpeza o 4 de outubro, o 20 de outubro,(constestándolle que se restablecerá o luns o servizo e non foi así), o 21 de outubro e o 12 de novembro, sen contestación nesos casos.

O representante do Concello no Consello escolar, D Javier Romar, non acudiu aos Consellos escolares do 30 de xuño, 2 de setembro, 14 de outubro nin 30 de novembro.

Sácase a concurso a limpeza dos colexios e nos pregos non se especifica o protocolo Covid e a empresa non o realiza , como se lle comunicou ao Concello o 4 de outubro.



CONCELLO DE MUXIA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

Respecto ao certificado AENOR, a auditoría externa ao respecto manifesta que o concello non responde ás peticións do colexio e ter ese certificado no é só prestixio para o Concello se non que tamén é preciso para recibir fondos.

Por último, respecto á Conserxería do centro e dado que o Ceip abre o 1 de setembro, a partir dese día debería de haber servizo de conserxe e non é así. Para evidencias o absoluto abandono do Concello cara ese centro, basta cunha conversa (e-mail) que nos remiten dende o centro entre a dirección e a concelleira de educación. Nese e-mail o centro comunica cuestión sobre mantemento, limpeza , etc., e tamén manifesta que se enterou de que o conserxe está traballando sen contrato, ao que a concelleira contesta que o contato debería ser efectivo dende o día 11. Así que dende o día 7 que comezou o servizo de conserxe ata po 11 traballou sen contrato.

A Anpa enviou solicitude ao Concello para ter un local para xuntanzas e non se lle contestou.

Todo o dito é verdade e está probado.”

-D Carlos Fdez manifesta: “Son datos obxectivos e o peor é que non se contestou ás peticións.”

-Dna Mónica Vilela intervén: “ Quén substitue ao representante do Concello no Consello escolar? Porque se él non pode ir poderá ir o substituto si se avisa.

Hai que mirar polos colexios e si hai que pedir axuda ás Anpas se pide. A súa actitude cara o colexio de Os Muíños é de rencor e os nenos e nenas non o teñen porque soportar.”

-Intervén seguidamente o Sr Alcalde: “ Non houbo nunca ningún informe nin queixa da Consellería de Educación ao respecto. Desde a Alcaldía remitiuse un informe do técnico municipal no que se indicaban as deficiencias constructivas do centro que derixaban en incidencias de filtracións, etc.”

Ás 21:30 horas non hai máis asuntos que tratar. Por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu, secretario, dou fe.



CONCELLO DE MUXIA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

CONCELLO DE MUXÍA, a data da sinatura electrónica

A secretaria, Rosa Ana García Fernández

O alcalde, Santiago Manuel Toba Campaña